



MEMORIA XERAL ANUAL

IES SANTA IRENE

CURSO 2025-2026

1. Introducción	1
1.1. Medidas de atención á diversidade.....	1
1.2. Estatística de alumnado	1
1.3. Cadro de persoal.....	2
2. Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro	2
3. Informe de Dirección	3
3.1. Colaboración cos servizos centrais da Consellería de Educación, Ciencias Universidades e FP	3
3.2. Colaboración co Concello de Vigo	4
3.3. Colaboración coas persoas responsables do alumnado e ANPA	4
3.4. Persoal de administración e servizos (en diante PAS).....	4
3.5. Coordinación cos centros de Educación Primaria	5
3.6. Indicadores de logro (Proxecto de dirección)	8
4. Informe de Vicedirección	12
4.1. Introducción	12
4.2. Programas educativos	12
4.3. Proxectos de intercambio e innovación	12
4.4. Actividades complementarias e extraescolares	12
4.5. Formación permanente do profesorado	15
4.6. Propostas de mellora.....	15
5. Informe de Xefatura de estudos.....	15
5.1. Xefatura de estudos de réxime ordinario	15
5.1.1. Función planificadora temporal, académica e agrupamentos de alumnado	15
5.1.2. Funcións orientadoras	16
5.1.3. Funcións convivenciais e disciplinarias	17
5.1.4. Resultados académicos por niveis e grupos	19
5.1.5. Matrículas de honra	19
5.1.6. Probas de acceso á universidade (PAU 2026).....	19
5.1.7. Conclusións	19
5.2. Xefatura de estudos de adultos.....	20
5.2.1. Función planificadora temporal e agrupamento de alumnos/as	20
5.2.2. Funcións orientadoras	20
5.2.3. Resultados académicos por niveis e grupos	20
5.2.4. Matrículas de honra	21
5.2.5. Conclusións	21
6. Informe de Secretaría	21
6.1. Aspectos económicos xerais.....	21
6.2. Instalacións e equipamento novo	21

6.3. Obras de acondicionamento e mellora	21
8. Anexos	23



1. Introducción

A presente memoria ten por obxectivo recoller as conclusións máis relevantes sobre o grao de cumprimento da programación xeral anual (en adiante PXA) correspondente ao curso escolar 2025-2026.

1.1. Medidas de atención á diversidade

1. Ordinarias:

- Desdobre de Francés nun grupo de 1.º ESO.
- Desdobre de Francés nun grupo de 2.º ESO.
- Desdobre de Lingua Galega e Literatura nun grupo de 1.º ESO.
- Desdobre de Lingua Galega e Literatura nun grupo de 2.º ESO.
- Desdobre de Lingua Castelá e Literatura nun grupo de 2.º ESO.

2. Extraordinarias:

- Agrupamento flexible en 1.º ESO, 2.º ESO e 3.º ESO na materia de Matemáticas.
- Agrupamento flexible en 1.º ESO na materia de Lingua Castelá e Literatura.
- Agrupamento flexible en 2.º ESO na materia de Lingua Galega e Literatura.
- Exención de francés en 1.º ESO_Reforzo de Lingua Castelá e Literatura.
- Exención de francés en 2.º ESO_Reforzo de Lingua Galega e Literatura.
- Exención de Lingua Galega e Literatura.
- Apoios en materias instrumentais en toda a ESO, segundo necesidades conforme ao seguinte:
 - Unha especialista en Pedagogía Terapéutica, a tempo parcial e outra desempeñando o cargo de Xefatura de estudos de adultos.
 - Unha especialista en Pedagogía Terapéutica para os primeiros cursos da ESO, a tempo parcial, no programa PROA+.

1.2. Estatística de alumnado

Nivel	Ensinanza	Rateo	Grupos	Mulleres	Homes	Total
1.º ESO	Ordinario	29,3	3	41	47	88
2.º ESO	Ordinario	30	3	45	45	90
3.º ESO	Ordinario	31,0	3	46	47	93
4.º ESO	Ordinario	26,3	3	38	41	79
1.º BACH	Ciencia e Tecnoloxía	21,0	2	26	16	42
1.º BACH	Humanidades e CCSS	28,0	3	49	35	84
2.º BACH	Ciencia e Tecnoloxía	19,0	2	16	22	38
2.º BACH	Humanidades e CCSS	19,0	3	39	18	57
ESPA III	Adultos	17	2	15	19	34



Nivel	Ensinanza	Rateo	Grupos	Mulleres	Homes	Total
ESPA IV	Adultos	23	2	17	29	46
1º BACH (A)	Adultos	26	1	13	13	26
2º BACH (A)	Adultos	24	3	35	37	72
TOTAL	Ordinario	24,16	31	380	369	749

O cómputo final de alumnado na ESO/ESPA, coas matrículas e renuncias producidas ao longo do curso escolar, foi de 430 alumnos/as.

O cómputo final de alumnado no bacharelato, coas matrículas e renuncias producidas ao longo do curso escolar, foi de 319 alumnos/as.

1.3. Cadro de persoal

O cadro de persoal está composto por:

Cadro de persoal	
Profesorado	
Destino definitivo e provisional	PROA+
62	1 (Media xornada)
Administración	
Destino definitivo	Destino provisional
0	2
Servizos	
Persoal de limpeza	Persoal subalterno
3	5

Como centro acreditado polas Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela, continúa o Prácticum para a obtención do Máster en Educación Secundaria baixo a coordinación de Ana María Lourido Novas.

2. Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro

A PXA (Programación Xeral Anual) do presente curso recolle os obxectivos específicos que o centro se propuxera acadar, as medidas que se ían desenvolver para a súa consecución e os recursos, tanto humanos como materiais, cos que contaba para levalos a cabo. Unha vez rematado o curso, as conclusións son as seguintes:

I. Control de asistencia e puntualidade do alumnado: reducir o número do alumnado que con faltas de puntualidade e o absentismo escolar en determinadas datas

O balance do emprego do ordenador de aula para a introdución directa das faltas de asistencia e puntualidade no XADE segue a ser mellorable, sendo un instrumento indispensable tanto para a xefatura de estudos como para as persoas titoras e para o persoal de administración. A anotación das faltas de puntualidade tamén é mellorable. Os avisos a través do AbalarMóbil consolídanse como medio principal de comunicación para este cometido.



II. Normas de Organización e Funcionamento (NOF)

Os problemas de convivencia centráronse sobre todo en 1.º, 2.º e 3.º da ESO, referidos a un número reducido de alumnado que motivaron algunha reunión extraordinaria do/s equipo/s docente/s para buscar solucións, sen que se puideran acadar criterios comúns para responder aos problemas. Tamén foi necesaria a incoación de varios procedementos correctores con perda do dereito de asistencia ao centro.

III. Revisión dos documentos de centro

Estableceuse como obxectivo a revisión dos documentos oficiais do centro por curso escolar. Quedan pendentes:

- Plan de Igualdade (PE)
- Plan de Atención á Diversidade

Non foi posible atender estos obxectivos no presente curso, polo que se incorporarán ao curso 2026-2027.

IV. Melloras no proceso de admisión (documentación, itinerarios, oferta de materias...)

Como todos os cursos, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica do 2.º e 3.º trimestre revísanse os itinerarios ofertados para adaptalos ás necesidades do alumnado, conforme as recomendacións do profesorado, atendendo á lexislación vixente, ampliando nalgúns casos a opcionalidade e optatividade, reducindo a oferta daquelas materias que “non teñen éxito” e organizando e ordenando a combinación das materias específicas no 4.º da ESO e no bacharelato.

O proceso de admisión de novo alumnado resultou eficiente e áxil, sen incidencias que destacar. Obsérvase unha tendencia alcista na demanda de prazas, que supera con moito a capacidade do centro.

V. Conservación e mellora das instalacións do centro

En xeral, o estado de conservación do centro é satisfactorio. Porén, o centro require dunha renovación constante. As tarefas de conservación e melloras que cómpre realizar son numerosas. Obsérvase, a final de curso, un maior número de desperfectos que dificultan a conservación das instalacións.

3. Informe de Dirección

3.1. Colaboración cos servizos centrais da Consellería de Educación, Ciencias Universidades e FP

Anualmente realízanse reunións cos órganos superiores (Consellería, Direccións Xerais, Secretaría Xeral Técnica, Subdireccións Xerais, Dirección Territorial e Inspección), cos cargos intermedios (xefaturas de servizo e de negociado) e coas asesorías dos distintos programas de innovación educativa para solicitar recursos humanos e materiais e para solicitar e consolidar proxectos e programas de innovación educativa. Entre todas elas, destacan peticións como a restauración do histórico reloxo do instituto, a mellora das instalacións na parte posterior do edificio e a limpeza e iluminación da fachada exterior.



O centro está moi satisfeito coa intervención e axuda da Dirección Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

3.2. Colaboración co Concello de Vigo

O instituto mantén contactos co Servizo Municipal de Deportes así como coa Concellería de Medio Ambiente ou a Policía Local coa fin de lograr melloras na contorna do centro.

A relación co Servizo Municipal de Deportes resulta moi importante para o instituto pois o departamento de Educación Física fai uso das instalacións do Pavillón deportivo de As Travesas.

Destacar, no presente curso, o peche unilateral por parte do Concello de Vigo das instalacións deportivas durante os meses de maio e xuño.

3.3. Colaboración coas persoas responsables do alumnado e ANPA

Este curso continuaron as habituais presentacións do alumnado da ESO para a súa incorporación a cada grupo. A resposta foi moi positiva en xeral. Xa no mes de outubro convocáronse reunións coa dirección do centro para o alumnado e familias de 1.º ESO e 2.º ESO.

A comunicación cos membros da ANPA é fluída, estando abertos ás súas propostas, expresadas no consello escolar ou na comisión económica.

As sesións semanais de atención das persoas titoras coas persoas responsables comunicáronse a comezo de curso a través da web do centro. Cando calquera responsable que acudiu sen cita previa ao centro para expor algunha cuestión, foi debidamente atendido co propósito de lograr un mellor entendemento e a rápida solución de calquera problema xurdido.

A dirección e a xefatura de estudos mantiveron entrevistas con responsables de alumnado por diversos motivos:

- Aclaración de dúbidas con respecto a algún aspecto dos estudos dos fillos/-as: saídas cara ao futuro, optativas, ou decisións segundo a situación persoal dos/as alumnos/as.
- Acumulación de faltas por condutas contrarias e/ou gravemente prexudiciais ás normas de convivencia.
- Suspensión do dereito de asistencia á clase, ou a algunhas clases, por faltas contrarias ás normas de convivencia.
- Comunicación aos responsables de alumnado de faltas de asistencia á clase dos seus fillos/-as.
- Cabe destacar as reunións celebradas para o control do absentismo escolar debido ás ausencias continuadas de determinado alumnado.

3.4. Persoal de administración e servizos (en adiante PAS)

No mes de setembro de 2025 realizouse unha reunión co PAS do centro para planificar o inicio do curso 2025-2026, e tamén ao longo do ano mantivéronse distintas reunións, para tratar temas sobre os horarios, as vacacións, rutinas de traballo, suxestións de mellora e/ou outras inquiredanzas dos distintos sectores.



Cabe destacar unha mellora significativa do servizo prestado polo persoal subalterno debido á distribución das quendas de traballo.

Coma en cursos anteriores, as dúas prazas do persoal auxiliar administrativo seguen a estar cubertas por persoal provisional.

3.5. Coordinación cos centros de Educación Primaria

Os centros adscritos son o CEIP Canicouva e o CEIP Pintor Laxeiro. Como é habitual, delegouse esta coordinación na Vicedirección, na Xefatura do departamento de orientación e na Xefatura de Estudos.

As xornadas de portas abertas, organizadas e dirixidas pola Vidirección para o alumnado de sexto de primaria, acompañado polo profesorado do seu centro, celebráronse no mes de maio cunha satisfacción xeral do alumnado, e con múltiples preguntas acerca do funcionamento do que será o seu novo centro. Tamén se realizou unha xornada de acollida para as familias do alumnado dos centros adscritos, na que participaron ás direccións dos tres centros educativos.



3.6. Indicadores de logro (Proxecto de dirección)

INDICADORES DE LOGRO				
A	Nivel 1. Inicial. (0 % puntuación)	Nivel 2. En proceso. (50 % puntuación)	Nivel 3. Completado. (100 % puntuación)	Resultado (%)
A.1.	Non se iniciou a renovación da páxina web nin das redes sociais.	Iniciouse a renovación da páxina web e as redes sociais.	A renovación da páxina web e actualización das redes sociais completouse, axustándose aos obxectivos iniciais.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.2.3.	O equipamento informático do centro continúa obsoleto e non se renovaron as redes sen fíos do centro	Comezou a substitución do equipamento informático e foi solicitada a mellora do sistema de redes sen fíos.	O equipamento informático mais obsoleto (10 anos de antigüidade) foi renovado e responde as necesidades do profesorado e do alumnado e o centro conta con redes sen fíos operativas e funcionais.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.4.5.	A renovación da administración e da secretaría do centro non comezou e non foi adquirido novo mobiliario.	Solicitáronse presupostos para a substitución do chan da administración e a secretaría e estableceuse o material e mobiliario necesario.	Renovouse o chan da administración e a secretaría do centro e adquiriuse o mobiliario necesario.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
A.6.	Non se realizou ningunha actuación de mellora e mantemento nas aulas do centro.	Realizáronse actuacións de mellora, restauración de portas de acceso e renovación do material informático de, polo menos, tres aulas.	Completáronse as actuacións de mellora, restauración de portas de acceso e renovación do material informático das aulas en mal estado de conservación.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.7.8.9.	Non se realizou ningunha actuación de mellora e actualización de departamentos, laboratorios, taller de tecnoloxía e aula de música.	Realizáronse actuacións de mellora en, polo menos, dous departamentos, laboratorios, taller de tecnoloxía ou aula de música.	Consolidouse un plan anual de mellora e mantemento de departamentos, laboratorios, taller de tecnoloxía e aula de música.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.10.	Non se realizaron actuacións de restauración, conservación e posta en valor do patrimonio histórico do centro.	Pedíronse varios presupostos de restauración de pezas históricas do centro, estableceuse un presuposto anual e levouse a cabo a restauración de, polo menos, dúas pezas.	Consolidouse un plan anual de restauración e posta en valor do patrimonio histórico.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3



A.11.12.	Non se pediron presupostos de renovación e reparación do paraninfo do centro nin se solicitou a renovación da biblioteca escolar.	Solicitáronse e enviáronse a xefatura territorial varios presupostos de renovación e reparación do paraninfo do centro e solicitouse a renovación da biblioteca escolar.	Conseguíronse os fondos necesarios para a renovación e reparación do paraninfo do centro e a biblioteca escolar.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.13. 14.	Non se realizaron actuacións para dispor dunha aula de titoría e atención ás familias no centro.	Asígnouse un espazo na planta baixa do centro como aula de titoría do centro.	Habilitouse un espazo con mobiliario e equipamento informático axeitado como aula de titoría e atención as familias.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.15.	Non se realizaron actuacións na conserxería do centro e non se adaptaron as instalacións segundo a normativa de riscos laborais.	Creouse unha listaxe de mobiliario e reformas necesarias na conserxería do centro.	Adquiríuse o mobiliario necesario, fixéronse as reformas suficientes para adaptar as instalacións segundo a normativa de riscos laborais.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
A.16.	No se realizaron as actuacións necesarias na cafetería do centro para adaptar as instalacións segundo a normativa hixiénico-sanitaria e de riscos laborais.	Creouse un proxecto de renovación da cafetería do centro, pedíronse varios presupostos e enviouse a xefatura territorial.	Completáronse as actuacións necesarias para adaptar as instalacións da cafetería do centro segundo a normativa hixiénico-sanitaria e de riscos laborais.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.17.	Non se solicitaron presupostos de reparación do sistema de canalización de augas pluviais do centro.	Solicitáronse varios presupostos de reparación do sistema de canalización de augas pluviais e enviáronse a xefatura territorial.	Completouse a reparación e renovación do sistema de canalización de augas pluviais.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.18.19	Non se realizaron actuacións para a mellora e conservación das zonas exteriores do centro, en especial no que se refire aos xardíns.	Solicitáronse presupostos de mellora e conservación das zonas exteriores do centro, en especial no que se refire aos xardíns.	Completáronse as actuacións de mellora e contratouse unha empresa de mantemento das zonas exteriores do centro.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
A.20.→25.	Non se realizaron actuacións de mellora das zonas externas do centro. Muros da zona posterior, fachada do edificio principal e anexo e sistema de iluminación.	Solicitáronse varios presupostos para o sistema de iluminación e enviáronse a xefatura territorial. Solicitáronse por escrito as reparacións das zonas exteriores.	Os muros da parte posterior do edificio foron substituídos e o centro conta cun sistema de iluminación da súa fachada principal.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3



A.26.→28.	Non se realizaron actuacións para a mellora da mobilidade urbana e a reciclaxe de residuos.	Pedíronse presupostos para a instalación de papeleiras de reciclaxe e zona de estacionamento de vehículos de mobilidade persoal.	Completoouse a instalación de papeleiras de reciclaxe en cada unha das plantas do centro e creouse unha zona de estacionamento de vehículos de mobilidade persoal.	☒ N.1 ☐ N.2 ☐ N.3
Grao de consecución da área de mellora A (%)				82,1 %
B	Nivel 1. Inicial. (0 % puntuación)	Nivel 2. En proceso. (50 % puntuación)	Nivel 3. Completado. (100 % puntuación)	Resultado (%)
B.1.2.	Non se levou a cabo unha organización eficiente dos horarios do equipo directivo e do profesorado (enquisa interna) nin se creou un programa de benestar emocional.	A organización dos horarios de traballo do equipo directivo e profesorado é eficiente e conta cun alto grado de satisfacción (enquisa interna). Non se creou un programa de benestar emocional.	A organización dos horarios de traballo do equipo directivo e profesorado é eficiente e conta cun alto grado de satisfacción (enquisa interna). Creouse un programa de benestar emocional.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
B.3.→ 5.	Non se realizaron actuacións para a mellora das condicións de traballo e redución do estrés laboral do persoal de administración, subalterno e de servizos.	Mellorouse a eficiencia do persoal de administración, subalterno e de servizos. Non se conseguiu a mellora das condicións de traballo e redución do estrés laboral (enquisa interna).	Mellorouse a eficiencia do persoal de administración, subalterno e de servizos. Conseguiuse a mellora das condicións de traballo e redución do estrés laboral (enquisa interna).	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
Grao de consecución da área de mellora B (%)				75 %
C	Nivel 1. Inicial. (0 % puntuación)	Nivel 2. En proceso. (50 % puntuación)	Nivel 3. Completado. (100 % puntuación)	Resultado (%)
C.1.2.	Non se iniciou o proceso de renovación dos documentos de centro e non se creou un grupo de traballo para a actualización das NOF.	Iniciouse o proceso de renovación dos documentos de centro e creouse un grupo de traballo para a actualización das NOF.	Completoouse a renovación dos documentos de centro e as NOF.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
C.3.	Non se designou coordinador/a de plans de formación do profesorado.	Designouse coordinador/a de plans de formación do profesorado.	Os plans de formación de profesorado son estables, suficientes e ben organizados por un/-ha coordinador/a.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
C.4.5	Non se convocaron xuntas de dirección e coordinación mensuais.	Convocáronse xuntas de dirección e coordinación mensuais.	As xuntas de dirección e coordinación son estables, regulares e produtivas.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3



C.6.	Non se creou un sistema de xestión económica para os equipos de dinamización e coordinadores/as.	Creouse un sistema de xestión económica para os equipos de dinamización e coordinadores/as.	O sistema de xestión económica é eficaz e actualízase regularmente segundo as necesidades.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
C.7. → 9.	Non se designaron coordinadores/as de igualdade e StemBach.	Creouse a figura do/a coordinador/a de igualdade.	Creáronse as figuras dos/as coordinadores/as de igualdade e StemBach.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
Grao de consecución da área de mellora C (%)				80 %
D	Nivel 1. Inicial. (0 % puntuación)	Nivel 2. En proceso. (50 % puntuación)	Nivel 3. Completado. (100 % puntuación)	Resultado (%)
D.1.	Non se designou coordinador/a do club de ciencias nin se creou o mesmo.	Designouse coordinador/a do club de ciencias pero non se formou o grupo.	Creouse un club de ciencias no centro, designouse coordinador/a e solicitouse o programa Club de Ciencia.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
D.2.3 4.	Non se solicitaron os programas StemBach, CUALE e Erasmus+.	Designáronse responsables dos programas StemBach, CUALE e Erasmus+.	Solicitáronse os programas StemBach, CUALE e Erasmus+.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
D.5.	Non se designou un grupo de responsables da adhesión do centro ao grupo de institutos históricos do MUPEGA.	Formouse un grupo de traballo para preparar a documentación necesaria para a adhesión do centro ao grupo de institutos históricos do MUPEGA.	O centro integrouse dentro do grupo de institutos históricos do MUPEGA.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
Grao de consecución da área de mellora D (%)				66,7 %
E	Nivel 1. Inicial. (0 % puntuación)	Nivel 2. En proceso. (50 % puntuación)	Nivel 3. Completado. (100 % puntuación)	Resultado (%)
E.1.	Non hai Equipo de Mediación formado en resolución de conflitos escolares.	Creouse un Equipo de Mediación formado en resolución de conflitos escolares.	O Equipo de Mediación participou na resolución de, polo menos, un conflito escolar.	☐ N.1 ☒ N.2 ☐ N.3
E.2.	Non se elaborou un plan de igualdade.	Comezou o proceso de elaboración do plan de igualdade.	O centro conta cun plan de igualdade actualizado e en aplicación no centro.	☒ N.1 ☐ N.2 ☐ N.3
E.3.	Non hai plans de formación sobre a xestión emocional no alumnado.	Creáronse plans de formación sobre a xestión emocional no alumnado.	Consolidáronse plans de formación sobre a xestión emocional no alumnado.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3



E.4.	Non se crearon sesións regulares de formación emocional e coaching educativo.	Creáronse sesións regulares de formación emocional e coaching educativo.	Consolidáronse sesións regulares e anuais de formación emocional e coaching educativo.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
Grao de consecución da área de mellora E (%)				62,5 %
F	Nivel 1. Inicial. (0 % puntuación)	Nivel 2. En proceso. (50 % puntuación)	Nivel 3. Completado. (100 % puntuación)	Resultado (%)
F.1.	Non se consolidaron os acordos de colaboración con entidades certificadoras de nivel en linguas estranxeiras.	Consolidáronse os acordos de colaboración con entidades certificadoras de nivel en linguas estranxeiras.	Ampliáronse os acordos de colaboración con entidades certificadoras de nivel en linguas estranxeiras.	☐ N.1 ☐ N.2 ☒ N.3
F.2.	Non se iniciou o proceso de incorporación do centro á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.	Iniciouse o proceso de incorporación do centro á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.	O centro incorporouse á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.	☒ N.1 ☐ N.2 ☐ N.3
Grao de consecución da área de mellora F (%)				50 %
GRAO DE CONSECUCIÓN GLOBAL DO PROXECTO DE DIRECCIÓN				60,38 %



4. Informe de Vicedirección

4.1. Introducción

Esta memoria resume o traballo feito desde a **Vicedirección do IES Santa Irene** durante o curso 2025-2026. Como cada ano, ocupouse da coordinación dos programas educativos, do impulso de proxectos de intercambio e innovación, e sobre todo da organización dun amplo programa de actividades complementarias e extraescolares, en coordinación co equipo directivo, o profesorado, o alumnado, as familias e as entidades que colaboran co centro.

4.2. Programas educativos

O centro continuou a desenvolver os seus **programas educativos** habituais (Programas de éxito educativo, seccións bilingües, acreditación de competencias lingüísticas e dixitais, Club de Ciencia, entre outros). O detalle de cada un recóllese nas memorias específicas das coordinacións correspondentes.

4.3. Proxectos de intercambio e innovación


Mantívose tamén a participación do centro en **proxectos de intercambio e innovación educativa**, tanto a nivel autonómico como estatal e internacional. O detalle destas iniciativas recóllese nos informes dos equipos coordinadores.

4.4. Actividades complementarias e extraescolares

Programación mes a mes

Ao longo do curso 2025-2026 desenvolveuse un amplo programa de actividades complementarias e extraescolares: charlas, obradoiros, proxeccións de cine, representacións teatrais, visitas, viaxes culturais e de intercambio, xornadas de orientación académica e tamén concursos e celebracións. A continuación resúmense por bloques; o calendario completo, mes a mes, achégase como anexo a esta memoria.

Actividades por mes 2025-2026



1) Saídas, viaxes e intercambios

- Xornadas de **piragüismo** en Bouzas (1.º e 3.º da ESO, setembro e outubro).
- Visitas ao **Concello de Vigo** (1.º da ESO, novembro) e á **Cidade da Xustiza**, dentro do programa Educar en Xustiza (3.º da ESO de Oratoria en novembro; 4.º da ESO en xaneiro), así como visita ao **Parlamento de Galicia** (3.º da ESO de Oratoria, abril).
- Saída aos **Museos Tecnolóxicos da Coruña** (2.º da ESO, decembro) e xornada de **patinaxe sobre xeo** na Praia de Samil (1.º e 3.º da ESO, decembro).



- Visita ás instalacións do **Porto de Vigo**, en Berbés, Guixar e Bouzas (alumnado de Economía e Emprendemento, xaneiro).
- Viaxe a “**La Gomera**” no marco da Agrupación de Centros (1.º de Bacharelato, outubro); estancia en Vigo de alumnado e profesorado desta mesma agrupación (marzo).
- Viaxe á **estación de esquí de Panticosa** (4.º da ESO, marzo) e **intercambio lingüístico galego-catalán** co IES Josep Maria Llompart de Mallorca, con estadías recíprocas en marzo e en maio (3.º da ESO).
- Viaxes culturais a **París** (3.º da ESO, abril) e a **Londres** (1.º de Bacharelato, abril).
- Visitas á **Universidade de Vigo** e á **USC**, no marco do Programa A Ponte e doutras xornadas de orientación (2.º de Bacharelato, ao longo de todo o curso).
- Saída ao **Festival da Francofonía** en Vilanova de Arousa (alumnado de Francés, maio).
- Xornadas de fin de curso nas **Illas Cíes** (1.º da ESO) e en **VigoNature** (2.º da ESO), en xuño.

2) Charlas, obradoiros, proxeccións e representacións

Impartíronse charlas e obradoiros, e organizáronse proxeccións de cine e representación teatrais, sobre temas moi variados: ciencia, literatura, artes escénicas, saúde ou tecnoloxía. Entre outras:

Ámbito científico e tecnolóxico

Visita á mostra “Bodies Evolution” e ao Hackathon da Semana do Espazo (outubro), obradoiro de acuicultura da Fundación Biodiversidade (xaneiro), Cyber League e os seus retos, da Garda Civil (febreiro), competición de robots da Escola de Enxeñería Industrial da UVigo (abril) e stand do Club de Ciencia no Festival CinVigo (abril).

Ámbito literario e artístico

Charla de Beatriz Liz de Cea sobre a mostra de Irene Ceballos e charla de Xesús Ron (Chévere Teatro) sobre “A derradeira leición do mestre” (outubro); conferencia de Jesús G. Maestro sobre a utilidade da literatura e charla coa escritora Iria Misa (decembro); obradoiro de creatividade da UVigo e visita a InnovArt (febreiro); proxeccións de *Rondallas*, *Hamnet* e *Wuthering Heights*; e representacións teatrais “Mosca”, “Non pasarán”, “Le rêve de la famille Bélief” e “O libro da selva”.

Saúde e benestar

Charla de Susana Rodríguez Gacio, médica e atleta olímpica (decembro), e ciclo de charlas para o alumnado de Psicoloxía de 2.º de Bacharelato sobre prevención do risco suicida, ludopatía, depresión, hábitos de sono na adolescencia e modelos educativos comparados.

Lingua e convivencia

Contacontos en francés, charla de Orgullo Galego sobre o uso da lingua nas redes, obradoiro de tradución de videoxogos ao galego e charla sobre os estudos de Humanidades, e obradoiros de Batukada, que remataron co concerto no Paraninfo.

3) Orientación académica e profesional



A orientación do alumnado, sobre todo do de cursos terminais, incluíu: a visita a **Edugal** (4.º ESO, outubro), as charlas e a visita á **USC** dentro do **Programa A Ponte** (2.º de Bacharelato), a visita ás **facultades da Universidade de Vigo** (2.º de Bacharelato, abril), a charla EduTecEmprende e a visita a **FPIInnova** (4.º ESO, abril), a **Feira de Ensinanzas Artísticas** (4.º ESO, marzo), a charla do Centro Superior de Hostalaría de Galicia e a charla sobre a oferta da UVigo (2.º de Bacharelato, marzo), e a charla sobre a **PAU** (2.º de Bacharelato, maio).

4) Educación emocional, afectivo-sexual e para a cidadanía

Mantívose o traballo en educación emocional e cidadá, con accións por nivel: **resiliencia e seguridade viaria** (1.º e 2.º ESO, outubro), obradoiro de sexualidade **Quérote+** (3.º ESO, novembro), charlas do **Plan Director da Policía** (2.º e 4.º ESO, novembro), charla sobre violencia de xénero de ENLAZAVIGO (4.º ESO, novembro) e charla da Axencia Tributaria sobre educación cívico-tributaria (1.º de Bacharelato, xaneiro). A isto hai que sumar o ciclo de charlas para o alumnado de Psicoloxía de 2.º de Bacharelato, que incluíu obradoiros de igualdade por sexos do Gabinete de Psicoloxía A Carón (febreiro).

5) Concursos, celebracións e vida do centro

O centro celebrou tamén este curso:


- Polo **Samaín**, o **Concurso de Portas Terroríficas**, no que participaron todos os niveis decorando as portas das aulas.
- O **25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero**, o **Concurso Fotográfico “Retratos en Violeta”**, para sensibilizar sobre a igualdade entre toda a comunidade educativa. • O **Magosto** (novembro).
- No **Nadal**, o Concerto de Nadal da Coral Máximo Gorki e o **Concurso de Portas de Nadal**.
- O **Entroido** e o **Día de Rosalía** (febreiro), xunto coa Cyber League e os seus retos.
- Para remate de curso, o **Día da Ciencia**, o concerto do grupo de música do IES Alexandre Bóveda e o **Acto de Graduación de 2.º de Bacharelato** (xuño). Tamén se celebraron as **xornadas de acollemento** do alumnado dos CEIP adscritos — Pintor Laxeiro e Canicouva— en maio, para facilitar o paso de 6.º de Primaria ao instituto.

6) Encontros abertos á comunidade educativa

O centro acolleu tamén este curso charlas e presentacións abertas ás familias e ao público en xeral: Ángel Carracedo sobre xenética e diversidade, AMTEGA sobre menores conectados, a Società Dante Alighieri sobre tradución en clave feminina, a presentación do libro “Historia do Povo na Revolução Portuguesa”, da historiadora Raquel Varela, a presentación do proxecto BIC do Patrimonio Industrial de Vigo, a charla ENAPAS sobre educación sexual e a reunión informativa de Cambridge English sobre o protocolo das probas no centro.



Actividades por curso 2025-2026



4.5. Formación permanente do profesorado

Mantívoase o traballo nas distintas liñas de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). O seu desenvolvemento detállase na memoria do centro de formación e recursos.

4.6. Propostas de mellora

De cara aos vindeiros cursos, seguen vixentes estas propostas:

I. **Concentración das saídas**

Tentar que as excursións e saídas escolares se concentren en períodos concretos do curso, para non fragmentar tanto as sesións lectivas.

II. **Bloqueo de semanas clave**

Non programar actividades complementarias nas semanas previas ás avaliacións trimestrais.

III. **Planificación anticipada**

Organizar as saídas e actividades extraescolares con tempo, cun calendario acordado a comezo de curso e coordinación entre departamentos.

IV. **Adecuación curricular**

Que todas as actividades propostas teñan relación clara cos contidos das materias dos departamentos didácticos.

5. Informe de Xefatura de estudos

5.1. Xefatura de estudos de réxime ordinario

Este informe elabórase segundo as funcións da xefatura de estudos recollidas na normativa correspondente.

5.1.1. Función planificadora temporal, académica e agrupamentos de alumnado

- I. Mantense a xornada continua con hora de comezo das actividades lectivas 08:30 h.



- II. Os períodos de lecer igualados en tempo no curso 2021-2022, vinte minutos para cada un, continúan con boa aceptación.
- III. En colaboración con dirección, revisáronse as programacións didácticas de todos os departamentos e fixéronse recomendacións de mellora das mesmas co fin de unificar criterios e eliminar ambigüidades e/ou incorreccións.
- IV. Coordinouse a realización das probas trimestrais e finais das materias pendentes, así como os períodos de exames da convocatoria final ordinaria en 2.º de bacharelato e extraordinaria en 1.º e 2.º de bacharelato.
- V. Organizáronse todas as sesións de avaliación respectando o calendario escolar aprobado en setembro.
- VI. En colaboración con dirección e vicedirección, organizáronse as xornadas de portas abertas, xornadas de acollida ao alumnado dos centros adscritos e tamén de acollida ás familias do alumnado dos centros adscritos.
- VII. Consolídanse agrupamentos flexibles con resultados moi satisfactorios.
- VIII. Continúan os desdobramentos en Lingua galega e literatura, Francés e Lingua castelá e literatura, así como os apoios en Tecnoloxía.
- IX. Continúan as seccións bilingües de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química no cursos de ESO, con resultados moi positivos.
- X. Do grupo A de 1.º ESO saíron 11 alumnos/as con exención de Francés para recibir reforzo en Lingua castelá e literatura. Do grupo A de 2.º ESO saíron 13 alumnos/as para recibir reforzo en Lingua galega e literatura.
- XI. Al longo do curso, resolvéronse favorablemente 7 solicitudes de exención de Lingua galega e literatura.
- XII. 9 alumnos/as tiveron materias validadas polos seus estudos de música e/ou danza.

5.1.2. Funcións orientadoras

- I. Mantivéronse, con moi bos resultados, as reunións semanais co profesorado tutor de 1.º e 2.º ESO. Contando tamén coa axuda e guía do departamento de Orientación, estas reunións permitiron coordinar e consensuar accións á hora de abordar as problemáticas destes cursos. O balance é moi positivo, polo que a previsión é continuar con estas xuntanzas o próximo curso.
- II. Colaboración estreita con orientadora e profesoras de pedagogía terapéutica para coordinar e facer un seguimento do alumnado NEAE.
- III. Nas xuntas de avaliación acordáronse medidas ordinarias de atención á diversidade. Así, numerosos alumnos/as recibiron reforzo educativo de xeito que puidesen seguir o proceso ordinario de ensino e aprendizaxe. Valórase moi positivamente o resultado da aplicación destas medidas.



- IV. Mantívose o “Plan de acción tutorial” na aula virtual para o profesorado da ESO. O plan conta con materiais, actividades e ferramentas para o profesorado tutor.
- V. Creáronse documentos en BoxAbalar coas listaxes de NEAE por curso e grupo. Compartíronse co profesorado tutor ao inicio do curso, e sempre que houbo modificacións, para ser remitidas ao equipo docente do grupo. Así mesmo, cando houbo profesorado substituto, as listaxes correspondentes tamén lle foron compartidas.
- VI. En colaboración con dirección, elaboráronse formularios de prematrícula para coñecer os intereses do alumnado e perfilar máis minuciosamente a oferta para a matrícula do curso 2026-2027. Tamén se ofreceu unha charla informativa e orientadora ao alumnado.

5.1.3. Funcións convivenciais e disciplinarias

- I. En colaboración coa responsable de Convivencia Escolar e Benestar Emocional e tendo en conta as achegas do profesorado tutor, realizouse unha valoración do funcionamento do programa de alumnado axudante. Os resultados acadados neste curso non foron tan satisfactorios como se agardaba, polo que se acordaron medidas de mellora para o vindeiro curso. Entre elas, prevese reforzar a coordinación co alumnado participante e coas titorías mediante reunións periódicas, así como a posible asistencia da coordinadora a algunhas sesións de tutoría. Estas actuacións teñen como finalidade favorecer que o alumnado identifique a figura da coordinadora de referencia e posibilitar un seguimento máis próximo e eficaz do programa.
- II. Mantívose unha reunión semanal entre dirección, xefatura de estudos, orientación e a responsable de convivencia e benestar. Analizáronse os problemas de convivencia no centro, fíxose seguimento das actuacións do alumnado axudante, entrevistouse directamente para resolver conflitos e acordouse a actualización do Plan Estratéxico de Mellora (PEM) coas novas actividades panca.
- III. Mantivéronse reunións trimestrais co alumnado delegado.
- IV. Aula hospitalaria:
 - Algúns alumnos/as recibiron atención na aula hospitalaria e no seu domicilio. Acordouse adaptar a programación das materias respectando uns mínimos curriculares, propoñer tarefas acordes a estes mínimos e distribuílas en tres entregas, e avalialos en función da realización de ditas tarefas especificando en XADE o reforzo educativo recibido.
- V. Absentismo: abríronse dous protocolos de absentismo durante este curso.
- VI. Condutas leves contrarias á convivencia. Resumimos o curso cos seguintes gráficos:
- VII. Medidas correctoras ao longo do curso. Lenda da táboa:
 - 6 lectivas ACI: 6 períodos lectivos na Aula de Convivencia Inclusiva.
 - Amoestación: amoestación privada por escrito.



- Amoestación + medida complementaria: Programa desenvolvido polo departamento de Orientación que contribúe á adquisición de habilidades e competencias sociais de alumnado que incorre reiteradamente en condutas disruptivas.
- Complementarias: privación do dereito a participar en actividades complementarias e/ou extraescolares.
- Expulsión 1: expulsión do centro durante un día lectivo.
- Expulsión 2: expulsión do centro durante dous días lectivos.
- Expulsión 3: expulsión do centro durante 3 días lectivos.
- Materias: perda do dereito de asistir a determinadas materias durante ata tres períodos lectivos.0
- Procedemento Corrector (trátase no seguinte punto).
- Recreos: ata 3 períodos de lecer na Aula de Convivencia Inclusiva.
- Tarde: asistencia ao centro os martes de 17:00 a 19:00 horas.

Medida correctora	1.º trimestre	2.º trimestre	3.º trimestre	Total
6 lectivas ACI	45	36	24	105
Amoestación	220	237	214	671
Amoestación + Medida compl.	0	3	0	3
Complementarias	0	4	0	4
Expulsión 1	11	23	25	59
Expulsión 2	1	2	5	8
Expulsión 3	13	14	17	44
Materias	3	5	3	11
Procedemento Corrector	3	4	1	8
Recreos	1	2	6	9
Tarde	22	22	18	62
Total curso 2025-2026	319	352	313	984

En todos os casos de suspensión do dereito de asistencia ao centro ou aula, así como nos casos de asistencia en períodos non lectivos, proporcionáronse tarefas ao alumnado para evitar a interrupción no seu proceso formativo. Mantívose o procedemento iniciado o curso pasado, xestionando a recollida destas tarefas a través de BoxAbalar para despois entregar en papel ao alumnado e enviar ás familias en versión dixital a través de Abalar. Valórase moi positivamente o funcionamento deste sistema.

- VIII. Condutas graves contrarias á convivencia: tramitáronse un total de 8 procedementos correctores por conduta gravemente contraria á convivencia con resultados positivos no que a mellora da convivencia escolar se refire. A resolución, en todos os casos, consistiu na suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro.



5.1.4. Resultados académicos por niveis e grupos

Os resultados obtidos durante o curso 2025-2026 móstranse nas seguintes gráficas como porcentaxes de alumnos/as que superan a totalidade das materias nas que estiveron matriculados/as, alumnos/as que non superan algunha materia e alumnos con decisión de promoción desfavorable.

Curso	Promoción/Titulación	Promoción/Titulación %	Promoción/Titulación Final extraordinaria	Promoción/Titulación Final extraordinaria %
1.º ESO	75	85 %		
2.º ESO	71	79 %		
3.º ESO	83	89 %		
4.º ESO	67	85 %		
1.º Bacharelato	58	46 %	113	90 %
2.º Bacharelato	56	58 %	80	84 %

5.1.5. Matrículas de honra

Bacharelato:

O total de alumnado matriculado en 2.º de bacharelato, no réxime ordinario, é de 95 alumnos/as e no réxime de adultos, de 72. Así, podía concederse a mención de matrícula de honra 5 estudantes no réxime ordinario e a 4 no de adultos. Porén, só tres cumprían o requisito de ter unha nota media en 2.º igual ou superior a 9.

ESO:

O total de alumnado matriculado en 4.º de ESO é de 79. Así, era posible conceder a mención de matrícula de honra a catro estudantes, que xustamente foron os que cumpriron o requisito de ter unha nota media en 4.º ESO igual ou superior a 9.

5.1.6. Probas de acceso á universidade (PAU 2026)

O IES Santa Irene obtivo, no réxime ordinario un 100 % de aprobados e unha media de 7,061, +0,356 da media galega. No réxime de adultos obtivo 95 % de aprobados e unha media de 5,122, +0,183 da media galega. Como dato positivo, cinco alumnas do IES Santa Irene estiveron entre os mellores expedientes de Galicia.

5.1.7. Conclusións

A través desta memoria fíxose un percorrido polas actuacións desenvolvidas desde a xefatura de estudos ao longo do presente curso escolar. O balance xeral é positivo, tanto pola implicación do profesorado como pola coordinación entre os diferentes equipos e departamentos, sen esquecer o papel fundamental do alumnado e das familias.

Quedan aspectos susceptibles de mellora, especialmente no que atinxe á implementación de determinadas medidas de atención á diversidade, control de faltas de asistencia no bacharelato e



de puntualidade ás primeiras horas do alumnado en xeral. Estes serán puntos clave para o vindeiro curso, co obxectivo de avanzar cara a unha organización máis eficaz, orientando o esforzo a consolidar a organización interna e garantir un ambiente educativo que favoreza a aprendizaxe e o benestar do alumnado.

5.2. Xefatura de estudos de adultos

Desde a Xefatura de Estudos de Adultos, apostouse por afianzar estes estudos e por converter ao IES nun dos centros de referencia da cidade para a ensinanza de adultos. Para iso, considérase importante:

- Promover o contacto entre o alumnado de réxime ordinario e de adultos mediante actividades que reforcen a súa integración: teatro, participación na Semana da Ciencia, etc.
- Estimular, entre o alumnado, o interese pola formación permanente. Para iso, este ano continúan varias actividades extraescolares, con moito éxito de alumnado, ofrecidas polo profesorado do centro.

5.2.1. Función planificadora temporal e agrupamento de alumnos/as

- Organización de grupos

Neste ano académico, ao igual que en cursos anteriores, só se impartiron, por cuatrimestre, dous cursos da ESPA (un de ESPA III e outro de ESPA IV). Mantívoise un grupo de 1.º de Bacharelato adultos, e os grupos de 2.º de Bacharelato seguen sendo tres, con alta demanda.

- Períodos lectivos:

Bacharelato: entre 17:00 h e 22:30 h.

ESPA: mantivéronse os horarios anteriores de 18:30 h a 21:45 h.

Período de lecer de 15 minutos (20:00 h a 20:15 h).

5.2.2. Funcións orientadoras

Traballouse conxuntamente co departamento de Orientación en dúas direccións:

- Dar resposta a demandas educativas presentadas polo alumnado: resolver problemáticas nunca antes atendidas, dotar de ferramentas ao profesorado para saber afrontar casuísticas complexas, etc.
- Ofrecer información diversa sobre a ampliación de estudos e presentación de diferentes opcións de orientación laboral.

5.2.3. Resultados académicos por niveis e grupos

Curso	Promoción/Titulación	Promoción/Titulación %	Promoción/Titulación Final extraordinaria	Promoción/Titulación Final extraordinaria %
ESPA IV	22	48 %	22	48 %
2.º Bacharelato (A)	33	46 %	47	65 %



5.2.4. Matrículas de honra

No presente curso escolar ningún/-ha alumno/a do réxime de adultos acadou mención de matrícula de honra.

5.2.5. Conclusións

Aínda que a primeira vista os resultados académicos poidan semellar pouco positivos en realidade non o son. Cómpre lembrar que a realidade do réxime de adultos dista moito da dos cursos ordinario. O alumnado presenta unha casuística particular: moitos veñen de sufrir fracaso escolar, outros acabaron no réxime de adultos por problemas de saúde, por problemas familiares ou laborais, etc. A pesar de que todo semella desfavorable para que este alumnado consiga reengancharse cos estudos, as estatísticas demostran que un tanto por cento importante dun alumnado que xa se atopaba fóra do sistema educativo volve mostrar interese pola formación, incluso con resultados óptimos. O elevado número de suspensos non sempre reflicte un fracaso senón, na maior parte dos casos, un abandono de materia ocasionado por problemas de colisión horaria, de traballo, de saúde, etc.

6. Informe de Secretaría

6.1. Aspectos económicos xerais

A dirección económica do centro corresponde ao Consello Escolar existindo, dentro del, unha comisión económica. Forman parte da comisión: o director, don Javier Folgoso Novoa, a secretaria, dona Beatriz Pérez Rocha, dona María Inmaculada García Fernández en representación da ANPA, don Carlos Javier González Alonso en representación do profesorado e don Germán Olavarrieta Fernández como representante do alumnado.

O 29 de xaneiro de 2026 procedeuse á aprobación das contas do exercicio 2026 por parte do Consello Escolar, despois de convocada a comisión económica é presentado o anteproxecto de orzamentos ao Consello Escolar. Unha vez aprobado remítese o proxecto de orzamentos á Dirección Territorial.

6.2. Instalacións e equipamento novo

Durante o curso académico 2025/2026 procedeuse a comprar equipamento coa intención de facer máis amable o centro para o alumnado e o profesorado.

- I. Tanto na planta baixa como na primeira acondicionáronse unha serie de espazos para o descanso, o lecer e o estudo. Logrouse mediante a colocación de mobiliario: mesas e cadeiras en lugares estratéxicos.
- II. Continuouse coa restauración de pezas históricas do centro.

6.3. Obras de acondicionamento e mellora

A maioría das obras de acondicionamento e mellora realizadas no curso 2025/2026 foron iniciadas en cursos pasados e rematadas no presente curso:

MELLORAS MÁIS RELEVANTES 2025-2026



1. Aula de informática 3 – Mellora de porta de acceso
2. Aceceso ao semisoto – Instalación dun sistema de peche automático.
3. Portalón de entrada – Automatización do sistema de apertura e peche.
4. Almacén 2 – Reordenamento do almacén como arquivo de documentación.
5. Xardíns exteriores – Poda e tala de árboles en mal estado. Acondicionamento das zonas exteriores.
6. Patio posterior – Pintura de pista en patio posterior.<
7. Limpeza e reparación integral da fachada do edificio anexo do centro – Limpeza do tellado e do sistema de canalización de augas pluviais.
8. Acceso ao patio posterior – Instalación dunha rampa para acceso adaptado.
9. Cafetería – Renovación integral da cuberta e sistema de canalización de augas pluviais.
10. Sala de profesorado – Renovación do mobiliario e instalación dunha máquina de café.

A presente memoria foi enviada á Inspección Educativa, ao Consello Escolar e ao Claustro o día 01 de xullo de 2026 e publicada na páxina web do centro o mesmo día.



8. Anexos

01 Dep. Artes Plásticas
02 Dep. Ciencias Naturais
03 Dep. Economía
04 Dep. Educación Física
05 Dep. Filosofía
06 Dep. Francés
07 Dep. Física e Química
08 Dep. Grego
09 Dep. Inglés
10 Dep. Latín
11 Dep. Lingua Castelá e Literatura
12 Dep. Lingua Galega e Literatura
13 Dep. Matemáticas
14 Dep. Música

15 Dep. Orientación
16 Dep. Relixión
17 Dep. Tecnoloxía
18 Dep. Xeografía e Historia
Dinamización Lingüística
PLAMBE
Programas de Inclusión Educativa (PIE)
Programa PROA +
Clubs de lectura
Club de ciencia
Plan Dixital
Seccións bilingües
CUALE